

**XXXVII OPEN DE FRISÓN GANDAGRO '25
XXXIII CONCURSO AUTONÓMICO DA RAZA FRISOA "FEFRIGA '2025"**

REGULAMENTO DO CONCURSO

1. ORGANIZACIÓN

Organizado pola **Federación Frisona Galega** (Fefriga) e a **Fundación Semana Verde de Galicia**, coa colaboración das **Africores** e a **Consellería de Medio Rural**, celebrarase o **XXXVII Open de Frisón GANDAGRO '25** e o **XXXIII Concurso Autonómico da Raza Frisona "Fefriga 2025"**, durante os días 20 ao 22 de Febreiro, nas instalacións do Recinto Feira Internacional de Galicia, en Silleda, Pontevedra.

2. FINS

Os fins que se perseguen coa celebración destes certames son os seguintes:

2.1. Estimular ós gandeiros na cría de animais de alta calidade xenética, capaces de producir e reproducirse durante moitos anos, como medio de rendibilizar as súas explotacións.

2.2. Orientar ós gandeiros sobre as tendencias actuais de selección e mellora gandeira no ámbito Internacional.

2.3. Poñer de manifesto o alto nivel xenético e morfolóxico dos animais criados en Galicia.

2.4. Orientar os nosos xóvenes hacia unhas correctas e rendíbles tarefas de selección, proporcionándolles coñecementos básicos para desenvolver as mesmas con éxito.

2.5. Promocionar as ganderías participantes para que desta maneira poidan ocupar o lugar que lles corresponde no Mercado Nacional e Internacional de animais selectos.

3. COMISIÓN ORGANIZADORA

Corresponde a esta, a organización e todo o relacionado cos certámenes e servizos inherentes ós mesmos, así como a aplicación do presente Regulamento.

4. XURADOS

Durante a celebración dos certames actuarán os seguintes xurados:

4.1. DE ADMISIÓN

O Xurado de admisión está composto por:

D. Marcos Costoya Vázquez (Africor-Coruña)

D. Fernando Rodríguez Gandoy (Africor-Lugo)

D. José Rodríguez López (Africor-Pontevedra)

D. Julio Pérez Filloy (Fundación Semana Verde)

Serán misións específicas do Xurado de Admisión as seguintes:

4.1.1. Colaborar co Servizo Veterinario de Inspección Sanitaria, para garantir que cada animal se presente coa documentación esixida.

4.1.2. Revisar a documentación xenealóxica, a súa correspondencia cos animais presentados e cos datos que figuran na Cédula de Inscripción.

4.1.3. Comprobar a preparación e presentación dos animais, e rexeitar aqueles que non acaden o nivel mínimo esixido, da cordo co prestixio do concurso, e/ou que non teñan en regra toda a documentación.

4.1.4. Velar polo cumprimento do disposto neste Regulamento e moi especialmente no que fai referencia os apartados sobre benestar animal, informando de inmediato á Comisión Organizadora de calquera infracción que puideran observar.

4.1.5. Elevar propostas á Comisión Organizadora sobre cantas modificacións ou medidas consideren necesarias para o mellor desenvolvemento dos concursos e actividades.

4.2. DE CUALIFICACIÓN

Estará composto por un só Xuíz, a quen acompañará un axudante de pista, co fin exclusivo de facilitarlle as listas do gando concursante, preparar a constitución das seccións e subministrarlle cantos datos solicite do gando concursante.

Por acordo da comisión organizadora, os concursos serán xulgados por un Xuíz Internacional. **D. Marcel Egli da Asociación Holstein de suiza.**

Serán misións do Xuíz:

4.2.1. A eliminación de pista en cada sección, se procede, de aqueles animais que non reúnan as condicións mínimas para o seu xulgamento.

4.2.2. Clasificación do resto de animais en cada sección por orde de méritos morfolóxicos, quedando finalmente colocados na pista según dita orde.

4.2.3. Outorgamento dos premios, mencións honoríficas e campionatos que especifica o Programa.

4.3. Por parte da Entidade Organizadora, facilitarase ós Xurados cantos medios sexan precisos para a mellor realización do seu traballo.

4.4. O xurado terá amplas facultades para incluír en seccións distintas ós exemplares, que con arreglo ao Programa do certame, estean situados en aquelas que no lles corresponda por razón de idade.

4.5. O xurado non poderá crear novos premios sobre os que figuren nas seccións correspondentes do Programa, nin outorgar os que teñan podido quedar desertos, sen autorización da Comisión Organizadora.

4.6. De igual forma, se o Xurado considera que nalgunha sección os animais presentados non merecen ser premiados, poderá deixar deserto un, varios ou a totalidade dos premios que dita sección ou seccións teñen previstos no Programa.

4.7. Unha vez clasificados e premiados os animais de cada sección, o Xurado redactará e asinará a acta correspondente (por triplicado), onde figurarán os animais premiados por orde de categorías.

4.8. As decisións do Xuíz cualificador serán inapelables.

4.9. Todas aquelas cuestións que excedan ás competencias do Xurado de Admisión e/ou do Xuíz Cualificador, así como calquera incidencia que se presente e non esté prevista neste Regulamento, ou as dúbidas que puideran existir na interpretación do mesmo, serán resoltas pola Comisión Organizadora do Certame.

5. PARTICIPACIÓN

5.1. Poderán participar neste Certame todas as explotacións con animais que estean inscritos no Libro Xenealóxico da Raza Frisona, facendo a correspondente solicitude á “FEDERACION FRISONA GALEGA”.

5.2. Só se imporá limitacións en canto ó número de exemplares a presentar, cando as solicitudes rebasen as posibilidades de aloxamento de animais, en cuio caso, e tendo en conta de que se trata dun concurso de gando leiteiro, darase preferencia ás ganderías que concorran con animais adultos. Non obstante, non se permite a ningún concursante o participar con máis de 3 exemplares adultos por sección, ou 2 se se trata de xovencas ou becerras.

5.3. Inscripción de animais: para a inscrición de animais establécese o seguinte procedemento:

5.3.1. Cédula de inscrición: a organización proveerá da correspondente cédula de inscrición, que, unha vez cumprimentada e asinada deberá ser remitida a: *Federación Frisona Galega (FEFRIGA) – Rúa Melide, 25-27 Baixo – 15705 Santiago – A Coruña.*

5.3.2. Cota de inscrición: A fin de evitar que se reserven prazas que despois non son utilizadas establécese unha cota/fianza de inscrición de 30 € por animal que deberá de ingresarse na conta de ABANCA - Silleda nº ES45-2080-5062-9631-1000-5814 en concepto “Concursos Frisón 2025” a nome de Fundación Semana Verde.

5.3.2.1.- Igualmente, toda praza non reservada e que, -sen autorización expresa da organización,- sexa ocupada por unha gandería participante seralle facturada a razón de 30 €/ c/u.

5.3.3. En caso de animais “dudosos” o gandeiro poderá inscribir, sen cargo, ata un 30% de animais a maiores dos que en principio, desexe presentar. A reserva de prazas realizárase en base ó nº de animais polos que o gandeiro deposite a fianza non polo total dos inscritos (ver cédula de inscrición).

5.3.4. Só se considerarán inscritos, aqueles animais, cuios propietarios axunten á cédula de inscrición, o correspondente xustificante bancario conforme abonaron a cota/fianza de inscrición.

5.3.5. Unha vez rematado o Concurso, a Fundación Semana Verde reembolsará ós gandeiros participantes a cota/fianza depositada.

5.3.6. Non se devolverá a cota/fianza de inscrición de aqueles animais que, salvo caso de forza maior, non foran presentados a Concurso.

5.4. O prazo de admisión de solicitudes rematará o día **17 de Xaneiro de 2025**.

6. CONDICIÓNS XERAIS

6.1. O gando concursante procederá de explotacións nacionais ou estranxeiras, e estará inscrito no correspondente Libro xenealóxico da raza frisoa.

6.2. A efectos do Concurso Autonómico só poderán participar animais nados en Galicia e propiedade de ganderías galegas.

6.3. En todo caso, será condición indispensable que todos os animais concursantes estean inscritos no Libro xenealóxico da raza frisoa e a nome da gandería que os presenta, o cal se acreditará coas correspondentes Cartas xenealóxicas ou certificados de rexistro.

6.4. As Cartas xenealóxicas ou certificados de rexistro, unha vez examinadas e feitas as comprobacións oportunas polo Comité de Admisión, serán devoltas ós propietarios ou encargados do gando quenenes deberán presentalas no caso de que lles foran requiridas por calquera motivo dende a organización.

6.5. Como data de referencia para o encadramento dos animais nas diferentes seccións do programa, tomarase o día **31 de Xaneiro de 2025**.

7. CONDICIÓNS SANITARIAS

As condicións de índole sanitaria esixidas ás explotacións e aos animais para ser admitidos ao recinto do certame, son as seguintes:

7.1. Procedencia.

Todos os animais deberán proceder dunha explotación situada nunha zona non sometida a ningunha medida de restrición sanitaria para as especies que concorran ó evento e que non tiveran contacto con explotacións sometidas a estas restricións.

Os animais non estarán destinados a sacrificio ou sometidos a restrición en virtude dun programa nacional ou rexional de erradicación de enfermidades animais.

Deberán ser transportados en vehículos e contenedores que cumpran as normas relativas a protección animal, e que foran limpos e desinfectados antes da carga, debendo presentar o correspondente Certificado de Limpeza e Desinfección. Tanto os transportistas (coidadores e condutores) como os vehículos de transporte estarán rexistrados na provincia de orixe ou país de onde procedan.

Deberán someterse a tratamento antiparasitario interno e externo nos últimos 30 días, o que se fará constar no certificado Sanitario Oficial especificado nos puntos 7.3.1.2 ou 7.3.2

7.2. Identificación.

Os animais que concorran ó evento deberán estar identificados individualmente, conforme a normativa sectorial de identificación correspondente según procedencia de países comunitarios ou de explotacións situadas no territorio español:

Procedencia UE:

- Regulamento Delegado (UE) 2019/2035 da comisión, de 28 de xuño de 2019, polo que se completa o regulamento (UE) 2016/429.
- Regulamento de execución (UE) 2021/520 da comisión, de 24 de marzo de 2021, polo que se establecen disposición de aplicación do regulamento (UE) 2016/429.

Procedencia España:

- Real Decreto 787/2023, de 17 de outubro, polo que se ditan disposición para regular o sistema de trazabilidade, identificación e rexistro de determinadas especies de animais terrestres en cautividade.

7.3. Documentación sanitaria.

Todas as partidas de animais irán provistas da seguinte documentación sanitaria:

7.3.1. Procedentes de España

7.3.1.1. Autorización Sanitaria Oficial de Traslado (Guía de Orixe e Sanidade Pecuaria) expedida pola Unidade Veterinaria competente da respectiva Comunidade Autónoma de orixe dos animais, incluídos os animais con orixe en explotacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

7.3.1.2. Certificado oficial expedido pola correspondente Xefatura de Sanidade e/ou Producción Animal ou Unidade Veterinaria competente da respectiva Comunidade Autónoma, na que se acredite o cumprimento dos requisitos sanitarios que se sinalan nos puntos 7.4 e 7.5, así como o tratamento antiparasitario previo.

7.3.2. Procedentes do resto da UE

Certificado Sanitario Internacional (certificado TRACES) redactado, polo menos, en español.

Certificado sanitario que acredite o cumprimento dos requisitos establecidos no apartado 7.4 que correspondan, así como o tratamento antiparasitario previo.

Plan de viaxe cando proceda.

Ademais cumpriran os seguintes requisitos:

7.3.2.1. Cando procedan de Estados membros da UE, cumpriran as condicións sanitarias establecidas no Regulamento Delegado (UE) 2020/688 da comisión, de 17 de decembro de 2019 polo que se completa o Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello no referente os requisitos zosanitarios para os desprazamentos dentro da Unión de animais terrestres.

7.3.3: Procedentes de países terceiros.

Non se espera que concorran animais de países terceiros, no caso de concorrer animais procedentes de países terceiros, a organización do concurso comunicará coa debida antelación os requisitos sanitarios de aplicación en cada caso.

7.4. Normas de Carácter Específico

Só poderán concorrer ó evento os animais procedentes de Explotacións Oficialmente Indemnes de Tuberculose, Oficialmente Indemnes de Brucelose e que procedan de rabaños Indemnes de Leucose Enzoótica Bovina e libres de Perineumonía Contaxiosa bovina.

Non poderán acudir o evento as reses que teñan a condición de “Reses de Seguimento” dacordo co programa nacional de erradicación da tuberculose bovina (infección causada por o complexo Mycobacterium tuberculosis (CMT)

Ademais, nos 30 días anteriores á celebración do evento, os animais da especie bovina que participen na mesma (que non procedan de países ou provincias libres das enfermidades descritas), deberán cumprir os seguintes requisitos:

7.4.1. Os maiores de 6 semanas de idade, desen resultado negativo a unha proba de intradermotuberculización simple (IDTBS) según o anexo I do R.D.2611/96 de 20 de decembro, Regulamento delegado (UE) 2020/689, de 17 de decembro de 2019 e programa nacional de erradicación da **tuberculose bovina** (infección causada polo complexo M.tuberculose (CMT)

No necesitaran probas de IDTBS previas negativas, nos 30 días anteriores, os animais que procedan de explotacións das comunidades autónomas de Asturias, Canarias, Cataluña, Illas Baleares, Murcia e País Vasco, así como das provincias de León, Burgos ou Valladolid na Comunidade de Castilla e León, Tampouco necesitarán probas previas negativas os animais procedentes da Unión Europea orixinarios de territorios, rexións ou estados libres de infección por CMT.

Os animais procedentes de explotacións de Galicia unicamente necesitarán probas previas de 30 días (animais maiores de 6 semanas negativos a unha proba de IDTBS descrita) nos casos seguintes:

- Animais de explotacións de reprodución T3 ou T3H que se incorporasen na explotación de orixe con posterioridade a realización da última campaña de saneamento en esa explotación, ou

- Animais destinados en venda ou poxa procedentes de explotacións de reprodución T3 ou T3H nas que transcorreron mais de 14 meses dende a última data das probas anuais de campaña de saneamento gandeiro (CSG).

7.4.2. Os maiores de 12 meses, que procedan de un territorio, rexión ou estado non oficialmente indemne de bruceloses bovina, presentaran un resultado negativo nos 30 días previos as probas de diagnóstico de bruceloses bovina (conforme o Anexo II do RD 2611/1996, do 20 de decembro), Regulamento Delegado (UE) 2020/689, de 17 de decembro de 2019 e programa nacional de erradicación de brucelose bovina (infección por *B. abortus*, *B. Melitensis* e *B. suis*).

Non serán necesarias estas probas de diagnóstico se os animais proceden de explotacións B4 de territorios oficialmente libres de bruceloses bovina, polo tanto, esta proba non será necesaria para animais procedentes de Galicia e do resto de España ou para aqueles procedentes de calquera outro territorio, rexión ou estado oficialmente libre de brucelose bovina de calquera Estado Membro.

7.4.3. Os animais maiores de 12 meses, que procedan dun territorio, rexión ou estado non oficialmente indemne da **Leucose Enzoótica Bovina**, desen resultado negativo nos 30 días previos a unha das probas de detención fronte a esta enfermidade. Esta proba, por tanto, non será necesaria para animais procedentes de Galicia e do resto de España ou para aqueles procedentes de calquera outro territorio, rexión ou estado oficialmente indemne de Leucose Enzoótica Bovina.

7.4.4. Os animais maiores de 12 meses, que procedan dun territorio, rexión ou estado non oficialmente indemne da **Perineumonía Contaxiosa Bovina**, deran resultado negativo nos 30 días previos a unha das probas de detención fronte a esta enfermidade. Esta proba, por tanto, non será necesaria para animais procedentes de Galicia e do resto de España ou para aqueles procedentes de calquera outro territorio, rexión ou estado oficialmente indemne de Perineumonía Contaxiosa Bovina.

7.4.5. Todos os animais bovinos maiores de 9 meses, presentaran resultado negativo ás probas de detención de anticorpos específicos fronte á glicoproteína gE do virus da **Rinotraqueite Infecciosa Bovina (IBR)** realizados 15 días previos o movemento de cara o evento.

Non necesitarán esta proba os animais con orixe en unha explotación de España calificada IBR4 dacordo co RD 554/2019, de 27 de setembro, polo que se establecen as bases das actuacións de prevención, control e erradicación da rinotraquetis infecciosa bovina e se establece un programa nacional voluntario de loita contra esta enfermidade.

No caso de animais que retornen a explotacións calificadas IBR3 ou IBR4, deberán realizar unha proba de detención da glicoproteína gE con resultado negativo os 21 días do retorno a explotación de orixe.

7.4.6. Todos animais presentaran unha proba negativa de detención de antixeno fronte a **Diarrea Vírica Bovina (BVD)**. En animais menores de 3 meses o proba realizarase en cartílago auricular. Os animais menores de 3 meses deberan obter resultado negativo a proba serolóxica de detención de anticorpos específicos fronte a p80 do virus BVD.

As femias xestantes deberán ter resultados negativos a proba serolóxica de detención de anticorpos específicos fronte a p80 do virus BVD, realizada nun laboratorio oficial. Só se permitirá a entrada de femias positivas a BVD anticorpos se existise constancia documental laboratorial de que dita positividade é anterior ao período de xestación (*).

(*). Esta circunstancia farase constar no certificado oficial expedido pola xefatura de Sanidade Animal ou unidade Veterinaria competente da respectiva Comunidade Autónoma na que se indicará a data de xestación da femia e a data de analítica anti-p80.

No caso de que os animais estean vacinados con vacinas inactivas e non cumpran o punto anterior, deberán ir acompañados de unha certificación veterinaria conforme na explotación non exísteo circulación vírica durante o seu período de xestación.

7.4.7. Os animais maiores de 9 meses terán resultado negativos ás probas para a detección de anticorpos fronte a Paratuberculose.

7.4.8. Para poder ser vendidos, os animais maiores de 9 meses que asistan ó certame con fins de venda, deberán presentar un resultado negativo ás probas para a detención de anticorpos fronte á Neosporose Bovina.

7.4.9. As probas especificadas nos puntos anteriores deberan ser realizadas nun laboratorio oficial.

7.5. Medidas específicas en relación coa lingua azul

Nas datas previstas para a edición do concurso 2025 (20-22 de febreiro) Galicia estará dentro do PEL polo que non existen requisitos de movemento por lingua azul.

7.5.1.- Os animais, independentemente do seu orixe, non deben presentar síntomas compatibles coa lingua azul no momento do transporte.

7.5.2. Durante todo o tempo da duración do evento, nas instalacións deberase realizar unha desinsectación previa das instalacións, que deberá manterse mentres dure a actividade do evento.

7.5.3. Os animais procedentes do territorio español con orixe en zona restrinxida na que non exista PEL (*):

(*) Guipúzcoa: as comarcas veterinarias de Donostialdea-Bidasoa, Kosta e Tolosaldea.

Navarra: as comarcas veterinarias de Elizondo, Santesteban e os seguintes concellos da comarca veterinaria de Izurzun: Arano, Goizueta, Areso, Araitz, e Betelu.

Málaga: as comarcas veterinarias de Málaga, Cartama, Estepona e Vélez Málaga.

Cádiz: as comarcas veterinarias de Campo de Gibraltar e A Janda.

Cidades de Ceuta e Melilla

Deberán acudir

- ou ben, vacinados, e se son menores de 4 meses, serán filas de nais vacinadas e procedentes de explotacións vacinadas.

- ou ben, presentarán resultado laboratorial PCR negativo en mostras tomadas 14 días despois do inicio da protección do vector por a aplicación de produtos desinsectantes nos animais, validez dos resultados: 14 días.

- transportaranse en vehículos desinsectados.

b) Animais con orixe en zona libre de lingua azul ou zona restrinxida en algún serotipo do virus durante o período estacionalmente libre do vector (PEL): non deben cumprir requisitos adicionais.

c) Animais con orixe en zona restrinxida a algún serotipo fora do PEL:

- vacinados ou si son menores de 4 meses, serán filas de nai vacinada e procedentes de explotación vacinada

- se transportarán en vehículos desinsectados.

7.5.4. Os animais procedentes de outros Estados membros cumpriran as condicións establecidas no regulamento (EU) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello de 9 de marzo de 2016 relativo as enfermidades transmisibles dos animais e polo que se modifican e derrogan algúns actos en materia de sanidade animal (Completado polos Regulamentos Delegados (EU) 2020/687, 2020/688 e 2020/689 da Comisión de 17 de decembro de 2019)

Para posteriores edicións do concurso e según as datas de celebración, (en PEL ou fora de PEL) deberán cumprir:

Os bovinos con orixe nun territorio ou país con presenza de calquera serotipo de lingua azul en período fora de PEL ou se non proveñen de un establecemento protexido de vectores, deberán cumprir:

- Bovinos menores de 90 días de vida, deben cumprir un de estes puntos:

a) Fillas de nai vacinada de todos os serotipos detectados no territorio de orixe nos últimos 2 anos, ou ben

b) Resultado laboratorial PCR negativo en mostras tomadas 14 días despois do inicio da protección do vector pola aplicación de produtos desinsectantes nos animais, Validez dos resultados 14 días.

- bovinos maiores de 90 días: en función dos serotipos presentes no territorio de orixe:

a) Vacinados contra os serotipos detectados no territorio de orixe nos últimos 2 anos, no caso de que coincidan cos detectados en destino (serotipo 4 no caso de Galicia)

b) Vacinados con unha vacina que preveña a viremia, no caso de que os serotipos detectados en orixe nos últimos 2 anos non coincidan cos detectados no destino (calquera serotipo distinto do 4 no caso de Galicia).

Nos dous casos os animais e vehículos de transporte estarán desinsectados.

Anexo: Métodos de protección fronte a vectores. A protección dos animais fronte a vectores a que se fai referencia neste regulamento deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Producto: o tratamento levarase a cabo con calquera produtos desinsectante autorizado no estado membro de orixe, e con eficacia demostrada para *Culicoides* spp.

- Aplicación: efectuarase o longo da espiña dorsal de forma continuada dende a cabeza, así como na base interior das extremidades. O tratamento será efectivo durante 2 semanas. Debese evitar que os animais se mollen durante as 12 horas seguintes o tratamento.

- Doses: a recomendada polo fabricante.

- Tempo: o establecido polo fabricante.

7.6.- ENFERMIDADE HEMORRÁXICA EPIZOÓTICA NO GANDO BOVINO

Esta enfermidade vírica comparte vector coa lingua azul, polo que aplica o mesmo período estacionalmente libre (PEL) do vector.

Actualmente, todo o territorio peninsular está afectado por EHE. Unicamente son zonas libres as Illas Baleares e as Illas Canarias.

7.6.1. Os animais, independentemente do seu orixe, non deben presentar síntomas compatibles co a EHE no momento do transporte.

7.6.2. Durante todo o tempo de duración do evento, nas instalacións deberase realizar unha desinsectación previa das instalacións, que se deberá manter mentres dure a actividade do evento.

7.6.3. Requisitos para movemento nacional desde zona restrinxida por EHE (todo o territorio peninsular)

Nas datas previstas para a edición do concurso 2025 (20-22 de febreiro) español esta dentro do PEL polo que non existen requisitos adicionais para o movemento nacional en relación a EHE:

7.6.4. Os animais procedentes de outros Estados Membros cumpriran as condición establecida no Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello do 9 de marzo de 2016 relativo as enfermidades Transmisibles dos animais e polo que se modifican ou derrogan algúns actos en materia de sanidade animal (Completado polos regulamentos

Delegados (UE) 2020/687, 2020/688 e 2020/689 da Comisión de 17 de decembro de 2019).

Condições bilaterais acordadas entre España e varios países Europeos:

- Os bovinos con orixe en zona restrinxida por EHE de Portugal e Francia poderán desprazarse a España peninsular se non presentas signos clínicos en inspección previa o movemento e en vehículos desinsectados.

- Os bovinos procedentes de Italia non deben presentar signos clínicos na inspección previa o movemento.

7.7. Verificación e inspección

7.7.1. A organización deberá notificar os animais (identificación e explotación de orixe) que teñen intención de acudir ó evento ó Servizo Provincial de Ganadería de Pontevedra con unha antelación de 40 días o inicio.

7.7.2. Os animais manteranse durante todo o tempo do evento nas instalacións nas que se levará a cabo un protocolo adecuado de desinfección e desinsectación e se aplicarán repelentes de insectos nos animais. Procuraráselles en todo momento alimento e bebida dacordo coas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas.

7.7.3. Todos os animais antes da súa entrada no recinto do evento, serán sometidos ó recoñecemento sanitario por parte dos Servizos Veterinarios Oficiais da Consellería do Medio Rural, que comprobarán o estado sanitario dos mesmos e a documentación de orixe que os acompañe, non admitindo a entrada no recinto a aqueles animais que non presenten un adecuado estado de saúde ou presenten algún incumprimento na documentación de acompañamento.

7.7.4. O Servizo de Gandería de Pontevedra da Consellería do Medio Rural, reservarase, en caso de dúbida, o poder efectuar as comprobacións pertinentes do estado sanitario dos animais.

7.7.5. As normas sanitarias do presente regulamento serán vixentes mentres a situación epizootioloxica non cambie, estando suxeitas a posibles modificacións que serán debidamente comunicadas.

8. TRANSPORTE DE GANDO

Co fin de cubrir os gastos orixinados polo transporte de gando, a organización axudará nas cuantías que a continuación se indican:

8.1. Animais procedentes de Galicia: Aboaranse as facturas de transporte previo comunicado do servizo á organización. A tal efecto estableceranse as rutas de recollida máis apropiadas debendo respetarse as mesmas. En caso contrario, aplicaranse as axudas estipuladas para gandeiros de outras Comunidades de España (8.2.).

8.2. A Fundación Semana Verde destinará unha partida de 14.000€ para axudar a sufragar os custos de transporte. Dita cantidade repartirase proporcionalmente entre os animais presentados e sen superar en

ningún caso, a cantidade de 0,30€ Becerras-Xovencas, ou 0,40€ por vaca e Km percorrido entre a gandería de orixe e o recinto feiral, computándose só a ida.

8.3. É obrigatorio que os vehículos que transporten o gando estean debidamente desinfectados e que o xustifiquen co correspondente talón de desinfección.

9. ENTRADA DO GANDO

9.1. A entrada do gando realizarase entre **as 8.00 e as 22.00 horas do Mércores 19 e as 8:00 e 14:00 horas do xoves, 20 de Febreiro**, non tendo dereito a entrar os animais que sexan presentados despois da citada hora.

9.2. A autorización de entrada do gando nas naves realizarase previa presentación e comprobación da documentación sanitaria esixida. Unha vez admitidos, os animais concursantes deberán, obrigatoriamente, ocupar as prazas que para eles están reservadas na área de Concurso; aqueles animais que non cumpran con estes requisitos perderán o seu dereito a participar así como todas as axudas ás que, como gando Concursante, teñan dereito.

9.3. Unha vez aloxados os animais nas prazas que a Organización lles asigne, procederase á comprobación da súa documentación xenealóxica (Certificado de Rexistro). Non se autorizará a participación nos concursos a aqueles animais que carezan de dita documentación ou estea incompleta, obrigando ós seus propietarios a retiralos da área reservada a concursantes.

9.4. Unha vez admitidos, os animais presentados non poderán ser retirados do recinto ata rematar o Certame salvo caso de enfermidade, accidente ou forza maior que así o aconselle.

9.5. A custodia e manexo dos animais así como a súa presentación en pista, correrá a cargo dos seus propietarios, se ben, a organización procurará facilitarlles, no posible, estes cometidos.

9.6. Para axilizar as tarefas de lavado, prohíbese expresamente que as áreas destinadas a este cometido permanezan ocupadas por outros animais distintos ós que os respectivos coidadores estean lavando en cada momento.

10. SEGURO

10.1. A feira proveerá ós animais participantes dun seguro que cubra os riscos de accidentes ou enfermidades producidos como consecuencia da súa participación no concurso exposición.

10.2. O mencionado seguro cubrirá os riscos descritos, durante o período de tempo comprendido entre os días 15 de febreiro ao 1 de marzo de 2025.

10.3. Para ter dereito ó cobro da indemnización pertinente, o propietario dun animal enfermo ou accidentado, deberá comunicar inmediatamente á organización, a identificación do animal e o cadro clínico que presente, certificado por un veterinario, para que esta poida facer as comprobacións necesarias e se o crerá oportuno, ordenar o seu sacrificio, para evitar sufrimentos innecesarios.

10.4. Só se consideran amparados polo seguro aqueles animais que figuren na cédula de inscrición.

10.5. Para a valoración dos animais a efectos de seguro, adoptarase o seguinte Baremo:

Xatas menores de 1 ano 1.500€
Xovencas de 12 a 18 meses 2.000€
Xovencas de máis de 18 meses 2.500€
Vacas de máis de 2 anos 3.200€
Vacas cualificadas MB ou EX 4.500€

Para as femias xestantes de máis de 3 meses contratarase unha póliza complementaria que cubra os riscos de aborto. Só terán dereito a esta cobertura os animais que veñan resinados na Cédula de Inscrición como xestantes e a xestación estea certificada por un veterinario; a indemnización a percibir en caso de sinistro será o 25% do valor asegurado.

11. ALIMENTACIÓN E LIMPEZA

11.1. A organización facilitará as cantidades de forraxe e penso, necesarios para a alimentación dos animais.

11.2. Subministrarase a todos os participantes palla en cantidade dabondo para as camas do gando exposto. O subministro realizarase diariamente ao pechar a feira.

11.3. O recambio das camas correrá a cargo dos expositores, este deberá ser realizado durante as horas en que permaneza pechado ó público o recinto feiral e sempre antes das 8.00 horas.

11.4. Os participantes aceptan expresamente, para facilitar as tarefas de limpeza, depositar a palla e o esterco, exclusivamente nas carretillas e/ou contenedores destinados a este fin.

11.5. O lavado e pelado dos animais realizarase nos puntos que a organización determine e dispoña para este menester, quedando expresamente prohibido realizalo fora de ditas áreas.

12. CARTEIS

Autorízase ás ganderías participantes, o uso de dous tipos de carteis, (de gandería e de identificación) estes deberán estar colocados na parte

dianteira das prazas que ocupan os animais, e sempre sen rebasalas. A altura dos mesmos nunca será superior a 1 m.

12.1. GANDERÍA

Nel poderá figurar o nome da Gandería ou Empresa, propietaria dos animais expostos.

En caso de gandeiros particulares e que se presenten a Concurso como Asociación, Cooperativa, S.A.T., etc, poderá figurar o nome da mesma.

12.2. IDENTIFICACIÓN

A feira proveerá ás Ganderías participantes, dos correspondentes carteis de identificación para cada un dos animais expostos, nos que figurará: NOME DO ANIMAL, CUALIFICACIÓN, N°R°X°, PAI, NAI, PROPIETARIO (*), PAÍS DE ORIXE.

(*) No caso de animais propiedade de varios gandeiros, só poderá figurar o nome da Sociedade propietaria ou o da explotación na que se atopa animal.

13. PREPARACIÓN DOS ANIMAIS

13.1. Os animais serán preparados da maneira máis natural posible evitando prácticas e/ou produtos que poidan afectar a súa saúde, benestar e/ou morfoloxía.

13.2. O enchido e/ou balanceado das ubres realizarase de maneira natural, en base o leite que produce o propio animal, estando expresamente prohibida a utilización de calquera produto ou sustancia que poida alterar o seu aspecto.

13.3. A fin de asegurar o cumprimento do disposto no punto anterior, todos as vacas en lactación serán sometidas ao escaneado da ubre antes de entrar a pista, sendo rexeitado no caso de detectar calquera sustancia sospeitosa e cando o veterinario encargado do control detecte un edema superior a 2 Cm.

13.4. Durante a celebración do certame, a organización poderá ordenar a realización do escaneado da ubre de calquera vaca presente no Recinto Feiral.

13.5. O non presentar un animal para sometelo ao escáner do ubre ou o negarse a que se lle realice dita proba, dará lugar a súa descualificación e á perda de todos os premios e títulos conseguidos, os cales serán asignados ó seguinte animal clasificado.

13.6. Unha vez realizado o escaneado da ubre o animal deberá permanecer na zona previa a entrada a pista, sen poder volver para a cama nin saír do recinto.

14. PRESENTACIÓN DO GANDO EN PISTA E EXHIBICIÓNS

14.1. A presentación do gando en pista, cántas veces sexan necesarias para a súa cualificación, así como a súa participación nas exhibicións que determine a organización, será obrigatoria, debendo ser conducido polos propietarios, presentadores e/ou persoal o seu cargo.

14.2. Será obrigatorio para todos os manexadores que presenten gando en pista, ir uniformados con camisa e pantalón brancos.

14.3. Os animais que non sexan presentados a pista no momento que sexan requiridos para o seu xulgamento serán descualificados.

14.4. Para mellor control dos traballos de cualificación, así como para orientación do público en xeral, os animais estarán debidamente identificados con números correlativos, que coincidirán cos do Catálogo do Concurso.

14.5. Para poder establecer unha correcta valoración dos animais, a orde de saída a pista será asignado por rigorosa orde de idade empezando sempre polos animais máis xóvenes de cada sección.

15. ASISTENCIA SANITARIA

Durante a celebración do Certame funcionará no recinto feiral unha clínica veterinaria con servizo gratuíto durante as 24 horas do día, á que poderán acudir cántos expositores o precisen, para a atención do seu gando.

16. AXUDAS E INCENTIVOS Á PARTICIPACIÓN

16.1. A Fundación Semana Verde concederá unha axuda por cada animal presentado ó Open GandAgro 2025 de:

60€ por xata e xovenca (Sec: 1, 2, 3, 6 e 7)

100€ por vaca (Sec: 14, 15, 16, 19, 20, 23, 24 e 25)

16.2. A Federación Frisona Galega outorgará unha axuda por animal presentado ó Concurso Autonómico Fefriga 25' de:

100€ por xata e xovenca (Sec: 1, 2, 3, 6 e 7)

150€ por vaca (Sec.: 14, 15, 16, 19, 20, 23, 24 e 25)

16.3. Todos os animais colocados en 1º lugar das respectivas seccións, así como os campións e subcampións nos distintos campionatos, serán fotografados gratuitamente por Mauricio de los Santos, fotógrafo oficial do concurso.

16.4. Xenética de Fontao agasallará a todas as Ganderías participantes, con 5 doses de ULOKA. Ademáis, todas aquelas que participen con máis de dous animais, recibirán:

5 doses de PEPIN e 5 doses de TONY P

16.4.1. Igualmente, á femia mellor clasificada en cada sección individual, filla dun touro da súa propiedade, Xenética de Fontao outorgará os seguintes premios:

Becerras (seccións 1, 2, e 3) 100 €

Xovencas (seccións 6, e 7) 200 €

Vacas (seccións 14, 15, 16, 19, 20, 23, 24 e 25) 300 €

16.5. Todas as ganderías recibirán un agasallo-recordo do certame.

17. PREMIOS, TROFEOS E TÍTULOS

Todos os gandeiros expositores recibirán os premios, escarapelas, estandartes e trofeos que se mencionan nas diferentes seccións do programa.

17.1. SECCIÓNS. Escarapela ós 5 primeiros animais clasificados en cada unha das seccións individuais. Ademais nas seccións de vacas en lactación (14, 15, 16, 19, 20, 23, 24 e 25), concederase o título único de Mellor Ubre.

17.2. CAMPIONATOS. Concederase escarapelas ás campionas e subcampionas, e os premios en metálico seguintes, co patrocínio de Xenética Fontao:

| | <u>Autonómico</u> |
|-------------|-------------------|
| Campiona | 150€ |
| Subcampiona | 50€ |

17.3. MELLOR CRIADOR DE XOVENCAS:

Mellor Criador Autonómico: Celebrarase en pista, compiten un grupo por ganadería de tres femias non paridas, nadas en Galicia e na súa explotación, e concederase os premios en metálico seguintes, co patrocinio de Xenética Fontao:

Concederase escarapela ó Mellor Criador e Segundo Criador de Xovencas de cada unha das categorías.

| | <u>Autonómico</u> |
|-----------------------------|-------------------|
| Mellor Criador de Xovencas | 300€ |
| Segundo Criador de Xovencas | 150€ |

Mellor Criador Internacional de Xovencas: Celebrarase en pista, compiten un grupo por Ganadería de tres femias non paridas, nadas na súa explotación.

Concederase escarapela ó Mellor Criador e Segundo Criador de Xovencas de cada unha das categorías.

17.4. MELLOR CRIADOR:

Mellor Criador Autonómico: Celebrarase en pista, compiten un grupo por Ganadería de tres femias nadas en Galicia e na súa explotación, e

concederase os premios en metálico seguintes, co patrocínio de Xenética Fontao:

Concederase Estandarte ó Mellor Criador e Segundo Criador de cada unha das categorías.

| | <u>Autonómico</u> |
|-----------------|-------------------|
| Mellor Criador | 600€ |
| Segundo Criador | 300€ |

Mellor Criador Internacional: Celebrarase en pista, compiten un grupo por Ganadería de tres femias nadas na súa explotación.

Concederase Estandarte ó Mellor Criador e Segundo Criador de cada unha das categorías.

17.5. GRANDES CAMPIONATOS. Estandarte e trofeo. Igualmente, concederase estandarte á Xovenca e á Vaca Gran Campiona Reserva, e os premios en metálico seguintes, co patrocínio de Xenética Fontao, nos premios correspondentes ao concurso Autonómico:

| | <u>Autonómico</u> | <u>Internacional</u> |
|-------------------------------|-------------------|----------------------|
| Novilla Gran Campiona | 600€ | 1.200€ |
| Novilla Reserva Gran Campiona | | 600€ |
| Vaca Gran Campiona | 1.000€ | 2.500€ |
| Vaca Reserva Gran Campiona | | 1.000€ |

17.6. MELLOR MANEXADOR: Concederase este título ao Manexador que ao longo de todo o Certame demostre maior habilidade e profesionalidade no manexo e presentación de animais en pista.

17.7. MELLOR GANDERÍA DE NOVA PARTICIPACIÓN: Estandarte. Concederase un 1º e 2º premio, segundo os puntos obtidos durante o Concurso, ás ganderías que non participaran con anterioridade ao ano 2021 tanto no. OPEN de GANDAGRO como no CONCURSO AUTONÓMICO. Puntuarán os cinco mellores animais presentados en pista, co seguinte baremo:

| | 1º | 2º | 3º | 4º | 5º |
|------------------|----|----|----|----|----|
| Vacas | 20 | 18 | 16 | 14 | 12 |
| Xatas e Xovencas | 10 | 9 | 8 | 7 | 6 |

18. PROTECCIÓN DE DATOS

Normativa: Regulamento (UE) 2016/679 RGPD e LOPDGDD 3/2018.

Corresponsables do tratamento:

- **FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA**

NIF: G36155208

Enderezo: Recinto Ferial s/n, 36.540, Silleda (Pontevedra) España

Teléfono: 986 577000

Correo electrónico: info@feiragalicia.com

- **FEDERACION FRISONA GALEGA**

NIF: V15320112

Enderezo: Rúa Melide, 25-27 Baixo, 15705 Santiago de Compostela (A Coruña) España

Teléfono: 981573879

Correo electrónico: fefriga@fefriga.com

Finalidade e lexitimación do tratamento:

1. Xestionar a súa participación no concurso e, de ser o caso, a entrega de axudas e incentivos pola súa participación no concurso. Podemos tratar os seus datos con esta finalidade porque existe un contrato.

2. Xestión contable. Podemos tratar os seus datos con esta finalidade porque existe unha obriga legal establecida na Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.

3. Xestión fiscal. Podemos tratar os seus datos con esta finalidade porque existe unha obriga legal establecida na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

4. Promoción da actividade:

4.1. En caso de resultar gañador, trataremos os teus datos (nome e identificación da explotación) para dar a coñecer os gañadores mediante a súa publicación na páxina web, catálogos informativos e/ou outros medios. Podemos tratar os seus datos para este fin porque temos un interese lexítimo en promover e proporcionar transparencia ao concurso.

4.2 En caso de que nos de a súa autorización trataremos os seus datos de imaxe para dar a coñecer as actividades da entidade mediante a toma e publicación das súas imaxes a través da páxina web, catálogos, memorias e/ou outros medios de comunicación. Poderemos tratar os seus datos para este fin en caso de que nos teña dado o seu consentimento.

5. Comunicación das súas imaxes as entidades designadas para a súa promoción da actividade mediante a toma e publicación das súas imaxes a través da páxina web, catálogos, memorias e/ou outros medios

de comunicación. Poderemos tratar os seus datos para este fin en caso de que nos teña dado o seu consentimento.

Conservación dos datos

Os seus datos conservaranse mentres se realice a actividade e durante o prazo de prescrición das accións legais que se poidan derivar acorde á normativa indicada.

Para as actividades de promoción os seus datos conservaranse mentres non retire o seu consentimento.

Obriga de facilitar os datos

Os datos solicitados son necesarios para poder inscribirse, do contrario non poderá participar no concurso. As autorizacións non son obrigatorias.

Destinatarios de datos

a) Comunicaranse os datos do gañador á Administración Tributaria, para o cumprimento das obrigas legais.

b) Comunicaranse os datos do ganador á entidades bancarias para que realicen os pagamentos do concurso.

c) Os datos que sexan necesarios para o cobro/pago de indemnizacións ou para a atención, exercicio ou defensa de sinistros serán comunicados a compañías de seguros e reaseguros, corredurías de seguros e reaseguros, avogados, procuradores, Xulgados e Tribunais.

d) No caso de que nos teña outorgado o seu consentimento os seus datos (imaxe) serán cedidos ó público en xeral mediante a publicación en páxina web, catálogos, memorias e/ou outros medios de comunicación.

e) No caso de que nos teña outorgado o seu consentimento os seus datos (imaxe) se comunicarán a entidades colaboradoras (AFRICOR PONTEVEDRA, AFRICOR OURENSE, AFRICOR A CORUÑA, AFRICOR LUGO e CONAFE) para a súa publicación na páxina web das entidades, catálogos, memorias anuais u outros medios de comunicación.

f) Os seus datos poderanse comunicar ós nosos encargados de tratamento cando sexa necesario para a correcta prestación dos servizos contratados.

Transferencia de datos a terceiros países

No caso de que nos dea o seu consentimento para a toma e publicación das súas imaxes, con ocasión da publicación a través das redes sociais de FEFRIGA (Facebook e Instagram) e de SEMANA VERDE DE GALICIA (Facebook, LinkedIn, X e Instagram) poderase producir unha Transferencia Internacional dos seus datos aos Estados Unidos ou a

calquera outro país no que os seus subencargados manteñan operacións. Estas transferencias realizaranse mediante cláusulas contractuais tipo ou garantías alternativas. Se o desexa pode obter máis información a través de: <https://es-es.facebook.com/privacy/explanation> e <https://es-la.facebook.com/help/instagram/155833707900388>.

Dereitos do interesado

- Acceso: dereito a obter confirmación sobre se estamos tratando datos persoais seus ou non, a saber, cales son, para que se usan, canto tempo se van gardar, a orixe dos mesmos e si se teñen comunicado ou se van comunicar a un terceiro.
- Rectificación: dereito a solicitar a rectificación dos datos inexactos e a que se completen os datos persoais incompletos.
- Supresión: dereito a solicitar a supresión dos datos de carácter persoal cando sexan inadecuados, excesivos ou xa non sexan precisos para os fins para os que foron recollidos, incluído o dereito ó olvido.
- Oposición: dereito a opoñerse, en determinadas circunstancias, a que se realice o tratamento dos seus datos persoais ou a solicitar que se cese no tratamento.
- Limitación do Tratamento: dereito a solicitar, nas circunstancias establecidas legalmente, que non se traten os seus datos máis alá da mera conservación dos mesmos.
- Portabilidade: dereito a recibir os datos de carácter persoal nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica, e poder transmitirlos a outro responsable, sempre que sexa tecnicamente posible.
- Dereito a retirar o consentimento: poderá retirar o seu consentimento en calquera momento dirixíndose por escrito ó enderezo do responsable do tratamento, pero os tratamentos que xa se teñan efectuado continuarán sendo válidos.

Exercicio dos dereitos

O exercicio de dereitos deberá efectuarse por escrito, dirixíndose a Rúa Melide, 25-27 Baixo, 15705 Santiago de Compostela (A Coruña) ou ó enderezo electrónico fefriga@fefriga.com. FEDERACION FRISONA GALEGA e SEMANA VERDE DE GALICIA pon a súa disposición modelos para a realización do exercicio de dereitos que poden obterse no enderezo ou a través do correo electrónico indicado anteriormente. Para máis información: www.aepd.es.

Dereito de reclamación ante a Autoridade de Control

No caso de que non se teñan respetado os seus dereitos pode presentar unha reclamación dirixíndose por escrito á Axencia Española de Protección de Datos sita na rúa Jorge Juan, 6-28001-Madrid ou utilizar a

sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es>. En ambos casos, deberá achegar a documentación pertinente.

19. DISPOSICIÓNS FINAIS

19.1. A Organización resérvase o dereito de agrupar ou subdividir as seccións segundo o número de animais (< 5 animais) inscritos en cada unha delas.

19.2. As decisións do Xuíz serán inapelables, por tanto a participación nos certames supón acatalas.

19.3. A Comisión Organizadora decidirá sobre todos aqueles asuntos non contemplados no presente regulamento, así mesmo interpretará e decidirá, de maneira inapelable, sobre todas aquelas cuestións que se poidan plantear na interpretación do mesmo.

19.4. A participación supón a aceptación de todas as normas e preceptos recollidos neste regulamento.

*** SECCIÓNS DO CONCURSO ***

Celebración dos campionatos:

As seccións 10 e 11 celebraranse simultaneamente en pista.

As seccións 28 e 29 celebraranse simultaneamente en pista.

SEC. 1: XATAS DE 6 A 8 MESES

Son as femias nadas entre o día 1 de maio e o 31 de xullo de 2024.

SEC. 2: XATAS DE 9 A 11 MESES

Son as femias nadas entre o día 1 de febreiro e o 30 de abril de 2024.

SEC. 3: XATAS DE 12 A 14 MESES

Femias nadas entre o día 1 de novembro de 2023 e o 31 de xaneiro de 2024.

SEC. 4: XATA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros galegos, clasificadas nas seccións 1ª, 2ª, e 3ª. Concederanse os títulos de *XATA CAMPIONA DE GALICIA* e *SUBCAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2025"*.

SEC. 5: TERNERA CAMPEONA INTERNACIONAL

Competirán as dúas primeiras clasificadas nas seccións 1ª, 2ª, e 3ª. Outorgarase os títulos *TERNERA CAMPEONA* e *SUBCAMPEONA INTERNACIONAL "GANDAGRO '25"*.

SEC. 6: XOVENCAS DE 15 A 19 MESES

Son as femias, nadas entre o día 1 de xuño e o 31 de outubro de 2023.

SEC. 7: XOVENCAS DE 20 A 24 MESES

Son as femias non paridas nadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de maio de 2023.

SEC. 8: XOVENCA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros Galegos, clasificadas nas seccións 6ª, e 7ª. Concederanse os títulos de *XOVENCA CAMPIONA DE GALICIA* e *SUBCAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2025"*.

SEC. 9: NOVILLA CAMPEONA INTERNACIONAL

Competirán as dúas primeiras clasificadas nas seccións 6ª, e 7ª. Concederanse os títulos de *NOVILLA CAMPEONA* e *SUBCAMPEONA INTERNACIONAL "GANDAGRO '25"*.

SEC. 10 MELLOR CRIADOR DE XOVENCAS DE GALICIA

Compiten **un grupo** por ganadería de tres femias non paridas, nadas en Galicia e na mesma explotación, aínda que na actualidade pertencen a distintos propietarios, acadando o título de Mellor Criador e Segundo Criador de Xovenças "*FEFRIGA 2025*".

SEC. 11 MELLOR CRIADOR INTERNACIONAL DE XOVENCAS

Compiten **un grupo** por Ganadería de tres femias non paridas, nadas nunha mesma explotación, aínda que na actualidade pertencen a distintos propietarios, acadando o título de Mellor Criador e Segundo Criador de Xovenças "*GANDAGRO 25*".

SEC. 12: XOVENCA GRAN CAMPIONA DE GALICIA

Competirán a Campiona e Subcampiona das seccións 4ª e 8ª. Outorgaranse os títulos de *XOVENCA GRAN CAMPIONA* e *RESERVA GRAN CAMPIONA "FEFRIGA 2025"*.

SEC. 13: XOVENCA GRAN CAMPIONA INTERNACIONAL

Competirá a Campiona e Subcampiona das seccións 5ª e 9ª. Outorgaranse os títulos de *NOVILLA GRAN CAMPEONA* e *RESERVA GRAN CAMPEONA "GANDAGRO '25"*.

SEC. 14: VACA NOVA ATA 26 MESES

Son as femias en lactación, nadas a partir do día 1 de novembro de 2022 inclusive.

SEC. 15: VACA NOVA DE 27 ATA 31 MESES

Son as femias en lactación, nadas dende o 1 de xuño ata 31 de outubro de 2022.

SEC. 16: VACA NOVA DE 32 ATA 36 MESES

Son as femias de primeiro parto, nadas entre o día 1 de xaneiro e o 31 de maio de 2022.

SEC. 17: VACA NOVA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros Galegos, clasificadas nas seccións 14ª, 15 e 16ª. Concederanse os títulos de *VACA NOVA CAMPIONA DE GALICIA* e *SUBCAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2025"*.

SEC. 18: VACA JOVEN CAMPEONA INTERNACIONAL

Competirán as dúas primeiras clasificadas nas seccións 14^a, 15 e 16^a. Concederanse os títulos de *VACA JOVEN CAMPEONA* e *SUBCAMPEONA INTERNACIONAL "GANDAGRO '25"*.

SEC. 19: VACA INTERMEDIA DE 3 ANOS

Son as femias de segundo parto, nadas dende o día 1 de febreiro de 2021.

SEC. 20: VACA INTERMEDIA DE 4 ANOS

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de febreiro de 2020 e o 31 de xaneiro de 2021.

SEC. 21: VACA INTERMEDIA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros galegos, clasificadas nas seccións 19^a e 20^a. Concederanse os títulos de *VACA INTERMEDIA CAMPIONA DE GALICIA* e *SUBCAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2025"*.

SEC. 22: VACA INTERMEDIA CAMPEONA INTERNACIONAL

Competirán as dúas primeiras clasificadas nas seccións 19^a e 20^a. Concederanse os títulos de *VACA INTERMEDIA CAMPEONA* e *VACA INTERMEDIA SUBCAMPEONA INTERNACIONAL "GANDAGRO '25"*

SEC. 23: VACA ADULTA DE 5 ANOS

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de febreiro de 2019 e o 31 de xaneiro de 2020.

SEC. 24: VACA ADULTA DE 6 ANOS OU MÁIS

Son femias en lactación, nadas antes do 1 de febreiro de 2019.

SEC. 25: VACA PRODUCCIÓN VITALICIA

Son femias en lactación con unha produción vitalicia de 60.000 Kg ou máis a data 31 de Decembro de 2024.

SEC. 26: VACA ADULTA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros galegos, clasificadas nas seccións 23, 24^a e 25^a. Concederanse os títulos de *VACA ADULTA CAMPIONA DE GALICIA* e *SUBCAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2025"*.

SEC. 27: VACA ADULTA CAMPIONA INTERNACIONAL

Competirán as dúas primeiras clasificadas nas seccións 23, 24^a e 25^a. Concederanse os títulos de *VACA ADULTA CAMPEONA* e *VACA ADULTA SUBCAMPEONA INTERNACIONAL "GANDAGRO '25"*.

SEC. 28: MELLOR CRIADOR DE GALICIA

Compiten **un grupo** por Ganadería de tres femias, nadas en Galicia e na mesma explotación, aínda que na actualidade pertencen a distintos propietarios, acadando o título de **Mellor Criador e Segundo Criador de Xovencas "FEFRIGA 2025"**.

SEC. 29: MELLOR CRIADOR INTERNACIONAL

Compiten un grupo por ganadería de tres femias, nadas nunha mesma explotación, aínda que na actualidade pertencen a distintos propietarios,

acadando o título de **Mejor Criador e Segundo Criador de Xovencas “GANDAGRO 25”**.

SEC. 30: VACA GRAN CAMPIONA DE GALICIA

Competirá a Campiona e Subcampiona das seccións 17^a, 21^a e 26^a.
Outorgaranse os títulos de *VACA GRAN CAMPIONA DE GALICIA* e *RESERVA GRAN CAMPIONA “FEFRIGA 2025”*.

SEC. 31: VACA GRAN CAMPIONA INTERNACIONAL

Competirán a Campiona e Subcampiona das seccións 18^a, 22^a e 27^a.
Outorgaranse os títulos de *VACA GRAN CAMPEONA INTERNACIONAL* e *RESERVA GRAN CAMPEONA “GANDAGRO ‘25”*.